

**TEMA 1.**

**1. Acentuación. Pon til ás palabras que deban levalo.**

Constituir, baul, baulis, capitais, ademais, egoismo, acentuo, acentuou, raiz, ruído, cafeína, río, bilingüismo, xuíz, xuízo, prexuízo, lua, oído, caída, había, álbum, iglu, rugby, líder, junior, beisbol, vermu, voleibol, smoking, tandem, popurri, chofer, fluor, misil, reptil, textil, acné, diocese, elite, alveolo, anodino, aureola, medula, neon, omoplata, parasito, endocrino, gladiolo, oboe, olimpiada, periodo, atmosfera, paxaro, termostato, rubeola, heroe, vertixe, reuma, rubeola, amalgama, termite.

**2. Pon til as palabra que o precisen.**

O chofer toma cada maña unha cullerada de aceite de ricino. O termostato da calefacción debe de estar avariado. O periodo entre dous xogos olímpicos chamase olimpiada. O paxaro voa sobre o gladiolo. As luces de neon provocanlle vertixe ao pobre do heroe.

**3. Nesta unidade debes coñecer que é un cultismo e unha palabra patrimonial. Indica cal é a palabra culta e a patrimonial que derivan destas palabras latinas.**

CALIDUM

SOLITARIUM

DELICATUM

INTEGRUM

APICULAM

CATEDRA

COLLOCARE

MAGICUM

**4. Forma parellas con estas palabras de xeito que en cada unha delas haxa unha palabra culta e outra patrimonial.**

Mestre, deplorar, plano, concello, sinal, segredo, peito, signo, secretario, chave, chan, maxistral, pectoral, chorar, clave, concilio.

**5. Realiza unha redacción na que expliques como se formou a lingua galega: linguas da que provén, aportacións de linguas e culturas anteriores e posteriores á romanización...**

**6. Nesta unidade debes coñecer a orixe dos nomes de pía e dos apelidos. Define estas palabras:**

Antropónimo:

Topónimo:

Alcume:

Hipocorístico:

## **TEMA 2**

### **1. Pon os tiles diacríticos que faltan.**

Compreme ben estudar tres ou catro horiñas. Díxome que fora el o que saíra fora para ver se te vía. Dame unha bola de billar e ven botar unha partidiña. O oso tropezou na pola do piñeiro e rompeu un oso da pata. Por aí ven teu irmán. Non o ves? Ven a miña casa e explícoche como se fan os nos mariñeiros. As polas da maceira saen fora da nosa horta; compre podalas un pouco. Ves ou non ves ao cine? Decídete axiña que temos moita presa. A nos non nos gustan as películas de terror, e a vos?

### **2. Pon os tiles que faltan:**

-Hoxe nos temos moita presa. Se ti non ves axiña, marcharemos nos sos.

-Antia e mais Miguel ben ven que ti non ves ben; por iso levas lentes.

-Compre por mais atencion con este rapaz. El non da feito o exercicio coma vos.

-Había unha pola cunha a rota debaixo da pola daquela Oliveira.

-As estatísticas demostran que o tabaco é prexudicial para a saúde.

-Ven aquí, Luis, e axúdame a facer un no con este cordón.

### **3. Realiza un esquema cos elementos que compoñen a estrutura das palabras (lexemas, morfemas e tipos...)**

4. Descompón morfoloxicamente estas palabras nos seus constituíntes. Isto é, separa o lexema e os morfemas e indica se estes últimos son prefixos ou sufixos (flexivos/ derivativos/ alterativos..)

Exemplo: Inxusto     in - xust- o  
                               ↓      ↓      ↓  
                               Pref. Lex. Morf. Flexivo de xº

Extraescolar, festeiro, casamento, caminante, amiguiño, mesa, aparcadoiros, mariñeiros, teléfono, furabolos, antibacteriano.

5.-Clasifica estas palabras en simples, compostas, derivadas e parasintéticas:

*inmortal, sol, taxista, persoal, intramuscular, xirasol, transcorrer, pararraios, emparellar, chuchamel, lúa, puñalada, repatriar, percorrer, portavultos, impropio, fermosura, bolboreta, ollomol, embarcar, benvida, paraugas, xogador, nenez, xirasoles, moza, laranxeira, ratiños.*

Simples	Compostas	Derivadas	Parasintéticas

6.-Clasifica estas palabras segundo teñan sufixos derivativos ou alterativos. Neste último caso, indica o valor do sufixo (aumentativo, diminutivo, despectivo):

*Xornalista, culleriña, cirurxián, arousán, dentadura, crenza, dentada, velame, abusón, cochazo.*

### **TEMA 3**

1. Define estas palabras:

compaixón:

bágoa:

desacougo:

agarimo:

bagullar:

2. Pon ao lado de cada palabra un sinónimo.

bágoa

risa

choro

bagoar

choromicas

3. Clasifica os seguintes substantivos segundo o seu significado

euforia:

Carlos:

enxame:

auga:

peixe

4. Pon ao lado de cada palabra o substantivo colectivo

castiñeiro

día

prato

saia

vela

animal

peixe

músico

abella

barco

5. Indica o xénero destes substantivos poñéndolles un O ou A maiúsculos diante

cheirume

paréntese

carraxe

marxe

ubre

couce

cárcere

sal

fraude

síndrome

agua

hepatite

suor

mel

curtametraxe

arte

cume

parálise

ponte

omoplata

pantasma

labor

dote

calor

árbore

## 6. Pon estas palabras compostas en plural

garda civil	porco teixo	cabalo do demo	coche cama
piso piloto	verme da luz	ollomol	parasol
paporrubio	sapoconcho		

## 7. Coloca ao lado a forma feminina de cada palabra

irmán	castelán	xudeu	cristián	compostelán
humano	anfitrión	arousán	cabezón	temperán
toleirón	alemán	carneiro	insán	campión
nu	folgazán	emperador	heroe	sogro
castrón	alcalde	patrón	livián	xenro

## 8. Coloca ao lado a forma en plural destas palabras

mil	lapis	ollomol	persoal	iogurt
difícil	ril	estéril	compás	vodú
mísil	papasol	animal	xiz	luz
álbum	hobby	alelí	lei	funil
téxtil	mísil	caracol	réptil	rei

## 9. Explica a diferenza entre linguas maioritarias/minoritarias e entre Linguas hexemónicas/minorizadas

**10. A) Realiza un esquema cos diferentes tipos de descrições.**

**B) Agora realiza unha descripción do personaxe famoso que máis admires**

## 11. TEMA 4

1. a) Pon esta oración en grao superlativo absoluto de catro maneiras diferentes: *Pedro é listo.*

b) Agora pona en grao superlativo relativo.

3. Forma o superlativo absoluto destes adxectivos engadíndolles un sufixo.

listo	pobre	fiel	pulcro
célebre	sabio	agudo	sinxelo

4. Coloca ao lado a forma feminina destes adxectivos

irmán	castelán	urbano	cristián	compostelán
humano	anfitrión	arousán	cabezón	temperán
toleirón	alemán	vacún	insán	campián
ancián	folgazán	romano	lambón	mentirán
cidadán	cotián	acusón	livián	africano

5. Corrixe e puntúa axeitadamente estas frases.

- Que e un quilovatio? eme igual o que sexa e dicir dame o mesmo teño moita presa por que teño presa? pois porque estou eu so
- ti es un cobarde! ves xunto a min co teu mobil de infrabermellos esaserando e falando estranseiro con algun estraño da cia ou da consellaria de educacion da xunta de galicia facilmente sesa un linguista que anda a grabar as maravilosas palabras do pobo galego
- el saiu as duas da sua habitacion ou quizais despois xa habia tempo que non bebia e pediu mais cerbexa bebeu tanto que hinchou non lle entraba ben o osiseno na boca
- compre por os pes ahi para poder sair fora da bola de cristal esa tamen ai que ter mais xuízo ser menos egoista e non prohibir os demais o que fas ti

e) 5.- ven ahí o luis co seu album de reptiles e voitres físoseme un no na gorxa o velo co seu lapis deusando bolboretas que esbaran polo oco da parede vaia caracter que ten!

**6. Coloca a partícula comparativa que corresponda. Nalgúns casos deberás realizar algunha contracción.**

Quéreme máis a min.....a ti.

Fala tanto.....mente.

Gústame máis ir ao cine.....a discoteca.

Teño tantos cartos.....ela.

O pai quérelle máis ao neno.....a nena.

**7. Explica o significado de:**

**Biligüismo:**

**Diglosia:**

**8. Transforma este fragmento que está en estilo directo en estilo indirecto.**

-Ti es ese que andas coa teima de atopar unha muller que se chame Isolda?

-Si, señor.

-Pois en Venta de Baños hai unha viúda con ese nome.

-Nova ou vella?

-Qué sei eu! Coido que é churreira.

Tanto tiña metido no seu maxín o noso Tristán a novela famosa, que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa.



## **TEMA 5**

### **1. Clasifica estes substantivos no campo semántico que lles corresponda:**

arxila, talla, gubia, martelo, modelado, bronce, xeso, fundición, granito, soldadura, mármore, cera, maza, martelo, formigón, buril, cicel, madeira, brocha

**Materiais:**

**Técnicas:**

**Utensilios:**

### **2. Coloca o artigo nos ocos baleiros**

- Quero que pintes ... garaxe antes do inverno.
- O neno ficou sorprendido ao ver que ... leite saía a fío por ... ubre da vaca que estaba muxindo seu tío.
- Ao chegarmos a aquela curva, tivemos que facer ... viraxe bruscamente para evitarmos ... choque contra ... camión.
- Levantóuselle ... forte dor de cabeza ao saber que a súa filla quería casar e non tiña ... cartos para lle dar ... dote.
- Mentres arrolaba ... berce de ... seu neto miraba con desacougo para ... lume que se achegaba ameazadoramente a ... casa desde ... cumes de ... monte.
- ... febre fora provocada por ... farinxite que pillara uns días antes cando agatuñara case espido a ... árbore que estaba diante de ... súa casa.
- ... aguiá é ... ave que percorre o ceo voando e ... anguía móvese sempre por ... auga.

### **3. No seguinte texto subliña os determinantes, sinala cales son artigos determinados (AD) e indeterminados (AI) e indica que elementos forman as contraccións de artigos con preposición.**

**Exemplo:** coa: contracción de prep. con + artigo det. a

Mais antes quixo matar a sede que o amolaba había longo anaco bebendo nun claro regato (...). Xa entremedias dos camiñantes ao se mesturar con eles, dirixiuse cara ao templo para facer as súas cotiás oracións e darlle grazas a Deus pola protección que lle dispensara na viaxe.

### **4. Escribe correctamente as seguintes frases facendo as contraccións dos DEMOSTRATIVOS:**

- 1 Este outro día veume visita-lo teu pai para falar de aquelas vellas historias.
- 2 Estes nenos fixeron o xantar e esas outras nenas fregaron os pratos.

- 3 En esta outra casa atoparon unhas moedas dos antigos donos.
- 4 Non me fales de aquilo, en este momento quero descansar un pouco.
- 5 E en esto apareceron os donos do can e levárono preso por unha corda.
- 6 Eses libros son de inglés, estes outros de matemáticas e aqueles outros de historia.
- 7 Cántame algo de aqueles outros nenos que coñeciche na praia de Doniños.
- 8 Estas mazás metédeas en esas caixas, e en esas outras gardade as castañas.

**5. Subliña os demostrativos (D) e posesivos (P) que aparecen nestas oracións. Ten en conta que algúns poden formar contraccións. Neste caso, especifica de que están compostas.**

A lavadora de teu pai non ten arranxo. É mellor que merques esta que está de oferta.

Se non fas o teu traballo non esperes que eu che preste este que fixen .

Non me veñas con esas, que desta xa non che vale.

Pedro xa está a facer das súas.

Meu pai toma o seu café tódalas mañás naquela mesa do bar.

Dende que traballo xa teño piso de meu.

Meu pai xubilouse porque aquela empresa na que traballaba pechou.

## **TEMA 6**

### **1. Enche os ocos con demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos ou exclamativos**

- ☐ Sabes que se enfada \_\_\_\_\_ vez que lle falas de \_\_\_\_\_.
- ☐ Dille a Breixo que \_\_\_\_\_ nome aparece no \_\_\_\_\_ (20º) lugar.
- ☐ Eu penso que \_\_\_\_\_ (500) son \_\_\_\_\_ convidados para unha voda.
- ☐ \_\_\_\_\_ tempo pasou dende \_\_\_\_\_ día en que nos coñecemos!
- Non lle penso prestar o \_\_\_\_\_ caderno porque sempre mo estraga  
\_\_\_\_\_ é unha pregunta moi fácil e pode contestala \_\_\_\_\_

### **2. Subliña os numerais que atopas nestas frases e clasifícaos en cardinais, ordinais, partitivos ou multiplicativos.**

- Cobráronme o triple do prezo oficial de venda.
- A centésima parte do metro chámase centímetro.

- Estou no undécimo lugar da lista de admitidos.
- Lucía quedou clasificada no vixésimo posto .
- Póñame dez xurelos e vinte parrochas para fritir.
- Deixamos sen recoller a metade das bólas.
- Quedan por vender os sétimos pisos deste edificio.
- Estragaches máis de media mazá.
- Tódas as semanas xogamos un décimo e nunca nada nos tocou.
- A min tócame dobre ración por ser o máis grande do grupo.

### 3. Escribe de novo as seguintes frases poñendo en letras as cifras que aparecen:

- Hoxe trouxéronnos 19 sillas novas para a nosa clase.
- Na 20ª mesa séntase un neno francés que chegou neste curso.
- Pola entrada paguei xustamente 1.001 pesetas.
- Cando cumprín os 17 anos merquei unha bici de carreiras nova.
- No accidente do autobús producíronse 31 feridos de gravidade.
- Xa vai para 32 días que non temos noticias deles.
- O salón mide 21 ms. de longo e 22 ms. de ancho.
- Onte fixo 80 anos pero está coma un mozo de 20.
- O barco transporta 85 coches con destino a Marrocos.
- Xa é o 12º accidente que se produce nesta curva.

### 4. Pasa os seguintes numerais a números romanos.:

O actual Rei de España é neto do rei Alfonso 13.

O Papa Xoán 23 era italiano.

Os franceses invadiron España no reinado de Fernando 7º.

Esta industria naceu a principios do século 19.

As comunicacións por satélite terán unha grande importancia no século 21.

### 5. Escribe as seguintes frases substituindo as cifras polos COLECTIVOS que correspondan:

Os 2 cantantes fixeron unha versión extraordinaria de "Yesterday".

O meu pai foi mercar 12 ovos para facer un flan.

Os 4 músicos interpretaron unha peza de Mozart.

Mercamos 100 repolos na feira de Pontedeume.

Naquel burato atoparon 1.000 vellas moedas de cobre.

### 6. Localiza neste texto os indefinidos que haxa e clasifícaos en indefinidos determinantes e indefinidos pronomes.

Deivos moitas oportunidades, creo que demasiadas; pero en ningunha ocasión conseguín ningún resultado positivo. E díxenvos todas as veces que podía contestar calquera, pero non houbo ninguén que dixese nada

con xeito: uns porque non estaban atentos, outras seica non entenderon a pregunta, algún porque non sabían a resposta, algunhas disque non estaban seguras... Polo tanto, que cadaquén vaia sacando as súas propias conclusión; pero eu preguntovolo por última vez: hai alguén que queira dicir algo?

Indefinidos determinantes:

Indefinidos pronomes:

### 7. Indica que significado teñen as expresións que están subliñadas nestas oracións

Vivo independizada e teño coche de meu.

Aquela árbore caeu de seu porque era moi vella.

María é moi falangueira de seu

Hai catro anos que casamos e xa temos piso de noso

Pablo é inquedo de seu, é un bule-bule e sempre está a bulir pola aula.

### 8. Traduce ao galego estas palabras

Clavel	haya	acebo	alcornoque	almendro
Orégano	amapola	cerezo	perejil	nogal

### 9. Clasifica estas palabras segundo sexan abreviaturas, símbolos, siglas ou acrónimos e indica o seu significado

IRPF	módem
avda.	BOE
ovni	Asdo.
min	OMS
r/	Vde.
ITV	W
m	sida

**10 .a) Pon ao lado a abreviatura de cada unha destas palabras**

Sociedade Anónima	sen número	compañía	doutoras	vostede
administración	colección	apartado	Ilustrísima	conta corrente

**b) Coloca ao lado o símbolo destas palabras**

metro	litro	quilo	Sur	sodio	potasio
ferro	Leste	minuto	osíxeno		

**c) Indica o significado destas siglas**

RAG	PC
ITV	PDA
COI	GPS
NIF	UCI
OMS	AVE

**d) Explica que é un acrónimo e pon catro exemplos.**

**TEMA 7**

**1. Busca os pronomes persoais nestas oracións. Indica se son tónicos ou átonos e clasifícaos segundo a persoa á que se refiran. Olló! Pode haber contraccións con dous pronomes.**

*Fíxate no exemplo: Quen **vos** contou onte iso? **Vos**: pronome persoal átono. 1ª persoa de plural.*

*Estimado director:*

*Gustárame poñer no seu coñecemento que a semana pasada me enviaron un pedido de libros que eu non solicitei. De feito, ao abril; para min foi toda unha sorpresa comprobar que este non se axustaba ao que eu realizara; e como Vostede comprenderá, non podo aceptalo. Solicítolle que no futuro non se volvan a*

*cometer erros deste tipo; xa que sería moi desagradable devolvérllelo de novo e ter que deixar de traballar con Vostedes. Pídlles que revisen de novo a miña petición e ma envíen o antes posible ao meu enderezo.*

*Aproveito a ocasión para saudalo de novo.*

**2. Identifica o C. Directo e substitúeo polo pronome persoal átono adecuado.**

Lin un libro de ciencia-ficción

Coloquei os libros no andel

Gastamos todos os aforros este verán

Trouxo de Viena estes bombóns

Fixeron os exercicios de relaxación

**3. Subliña os pronomes persoais, indica se son tónicos(T) ou átonos(A) e a función sintáctica que desempeñan: SUX, CD, CI, CC, P.solidariedade (PS), P.de interese(PI)**

A eles non lles contaron toda a verdade

Vímola cando ti nola ensinaches

Ti dis que o teu rapaz non che come nada pero o meu nin che conto

Ela vén comigo e ti cómeme todo o peixe que che deixei

O teu rapaz éche ben guapo! Recórdacheme a seu pai.

Eu dese asunto non lles sei nadiña. Pregúntenlle ao xefe.

**4. Coloca TE ou CHE nos espazos baleiros. Nalgunhas oracións tes varias posibilidades de colocalo. Escolle a axeitada**

1. ... andaba... un rato comendo... no queixo.
2. Sempre ... lembrarei..., pase o que ... pase!
3. Ese médico ... sandou... e nada ... pediu... a cambio.
4. Os reféns ... saíron... ilesos do banco.
5. Xamais ... tratarei... como un escravo, non ... queixes...
6. Por ... cantarmos... esa cantiga, puxéronnos unha multa.
7. Se cadra, foron os toxos os que ... espiñaron...
8. ...meteu... nun portal e ... tirou... a carteira.
9. De seguiren así, pouco ... van... regalar...
10. O vento ... rachou... a saia e ... deixou... toda esfarrapada.

**5. Substitúe o C. Directo e o C. Indirecto polos pronomes átonos correspondentes e realiza as contraccións necesarias.**

1. Dixen a Xosé todo o que opinaba.
2. Cantei a Noa e a Ana esta canción.
3. O carteiro entregou os paquetes aos destinatarios.
4. Comprei a vós un agasallo.
5. Trouxen estas flores para ti.
6. Entregaron as notas aos alumnos.
7. Regalou a ela o anel de compromiso.
8. Contou a nós todo o que sabía.
9. Paguei a multa ao policía.
10. Comprei aos nenos unha muda nova.

**6. Introduce no lugar adecuado o pronome átono que vai entre parénteses. Se houberse varias posibilidades escríbeas todas.**

Contareiche o argumento desta novela (CHE)

Nunca antes vin por aquí (TE)

Xa contaches este conto vinte veces (ME)

Deron xa a noticia? (CHE)

Sempre atopamos no parque (NOS)

Díxenche que chamaría mañá (TE)

Xa dixen que non tiña intención de ir ao concerto (CHE)

**TEMA 8**

**1.-Indica, nas seguintes formas verbais : *persoa, número, tempo e modo.***

1. marcharei
2. temo
3. marchasen
4. cantabas
5. cantaríamos
6. produzan
7. conduciu
8. falaren
9. comestes
10. rexeitara
11. falades
12. bebésedes
13. distribúes
14. pediría
15. amei
16. mida
17. temas
18. partía
19. pido

**2. Subliña os verbos e indica a persoa, número, tempo e modo.**

1. Poderíades emprestarme o chisqueiro?
2. Faredes o que vos digan.
3. Nese ano Priciliano é decapitado en Tréveris.
4. Había unha vez unha ra moi fea que...
5. Podías deixarme o teu dicionario de galego?
6. Cando me falou, xa o recoñecera eu.
7. Para que asubiase, tiven que darlle medio euro.
8. Terás uns céntimos para min?
9. A este paso, cando chegues, xa el marchou.
10. O horizonte é infinito.
11. Serán as dez e cuarto.
12. O que eu queredes saber é por que te pos así.





## CANTAR

## SUBIR

## CABER

CANTAR		SUBIR		CABER	
PLUSCUAMP	PRET.PERF.Ind	PRES. SUBX	CONDICIONAL	FUTURO Ind.	PRET.IMP.Ind.

**6. Pon en PRESENTE DE INDICATIVO os verbos que están entre parénteses.**

- El.....todos os días esa costa (SUBIR)
- Nós.....moito con esa películas (DIVERTIRSE)
- Esta mañá.....un sol espléndido (LUCIR)
- Teu irmán.....a esperar por ti (SEGUIR)
- Teus pais.....por calquera motivo (DISCUTIR)
- As autoridades.....do perigo (ADVERTIR)
- Eses rapaces.....continuamente(MENTIR)
- Non che.....que me digas iso (CONSENTIR)
- o cola-cao ao café. (PREFERIR)
- Ti.....a vaca todas as mañás (MUXIR)

**7. Transforma as frases encabezándoas polo adverbio *quizais*. Exemplo : *marcharei hoxe: quizais marche...***

1. Concluirei os traballos preparatorios.
2. Convencerémolos de contado.
3. Traduciremos algúns textos do italiano.
4. Nomearemos os máis capacitados para este posto.
5. Con tanto ruído na rúa tolearedes.
6. Amontoarán todo, coma sempre, no cuarto.
7. Roerá todo o queixo.
8. Moeredes o millo xa co novo muíño.
9. No xantar de mañá riremos coas túas historias.
10. Eles crerán todas as túas afirmacións.

### 8. Cambia as frases para a persoa indicada.

1. Non damos rematado a tarefa a tempo. (el...)
2. Facemos demasiadas cousas a un tempo. (ti...)
3. Non cabemos dentro dos seus esquemas organizativos. (eu...)
4. Sempre facedes as mesmas falcatruadas. (el...)
5. Estamos cansos de te aturar, meu vello! (eu...)
6. Dicimos sempre o que pensamos. (el...)
7. Non somos quen de resistirmos os seus ataques. (ti...)
8. Non sabes qué facer con tantos cartos. (eu...)
9. Sodes do máis esperto. (eu...)
10. Non valen para afrontaren estas responsabilidades. (eu...)

### 9. Pon o verbo que vai entre parénteses en presente de indicativo.

1. O que nós (DICIR).....vai á misa.
2. (ESTAR).....agardando a que me poñas a inxección e comezo a cansarme.
3. Xa que non (FACER).....falta aquí, voume.
4. Cando ti me (VIR).....ver, algo raro acontece.
5. Como (VER)....., xa cho teño todo en orde.
6. (IR).....todo recto e despois colledes á esquerda.
7. Eu (POÑER).....do bolso a metade do orzamento da sociedade.
8. Cando el (POÑER).....cara de ferreiro, hai que lisca.
9. Se ti (POÑER).....outro tanto, acepto.
10. Iso non (SER).....conveniente para vostede.

**10. Recorda o significado destas palabras:** val, vereas, barranca, devesa, lameiro, fraga, encoro, esteiro, regueiro, aba, cantil, relanzo, remanso, seara, furna, illa, illó, illote, lago, laga.

11. Tomando como punto de partida este esquema, redacta un texto coa información que se che ofrece.

### OS PETRÓGLIFOS

1. Definición: gravados rupestres nas rochas da paisaxe galega.

2. Fenómenos de gran relevancia por

- Documentos históricos de gran valor (información sobre os nosos antepasados)
- Indubidable valor estético.
- Marcada orixinalidade.

3. Tipos

- Temática xeométrica

  - Grupo máis numeroso.
  - Espirais, círculos concéntricos, deseños labirínticos.
  - Relacionados coas crenzas e universo espiritual dos antigos habitantes.
- Temática naturalista

  - **Zoomorfos** (cérvidos, équidos). Os máis frecuentes.
  - **Antropomorfos**: sempre varóns. Cazando a pé ou a cabalo.
  - **Obxectos concretos** ou ídolos cilindro.

4. Deber de protección por parte das persoas e autoridades. Son testemuñas da nosa existencia na terra.

**12. Subliña as perífrases verbais destas frases en clasifícaas segundo o seu valor.**

1. O acusado rematou por confesar toda a verdade.
2. O autobús está a chegar.
3. Cando llo contaron botouse a chorar.
4. Leva chovendo toda a mañá.
5. Esa rapaza anda a contar mentiras todo o día.
6. Pon o cinto. Téñocho dito moitas veces.
7. Hai que gardar a roupa do inverno
8. Imos para a cama que xa deben de ser as doce.
9. Pedro está estudando no seu cuarto.
10. Debes rematar o informe canto antes.
11. Non podo ir convosco porque miña nai está a chegar e teño que marchar
12. Non dei rematado o traballo para hoxe
13. El ha ter uns trinta anos e xa está queixándose coma se fose un vello
14. Tan pronto como acabou de ler o libro botouse a chorar
15. Nesta vida teño feito moitas cousas das que me hei de arrepentir
16. Esta tarde pode que chova e mesmo diría que está para caer unha boa.

**13. Redacta un texto argumentativo no que expreses a túa opinión sobre se deben existir ou non os espectáculos taurinos.**

**TEMA 10****1. Pon ao lado de cada adverbio ou locución adverbial un sinónimo.**

Á beira	engorde	axiña	a rente de
Seica	ao xeito	ao chou	de socato
Abofé	de balde	devagar	adrede
Decote	hogano	arestora	asemade
A treu	á mantenta	a eito	xalundes

**2. Escribe unha frase con cada un destes adverbios:**

Antano:

Hogano:

Arestora:

Disque:

Ningures:

**3. OS CASTELANISMOS****a) Algunhas destas palabras son castelanismos moi comúns. Escribe ao lado de cada unha a forma galega que lle corresponde**

Laguna	muela	encía	gusano	relámpago	tornillo
Arcén	ejía	apodo	asco	colilla	grúa

**b). Traduce ao galego estas palabras**

clavel	haya	acebo	alcornoque
orégano	amapola	cerezo	perejil
buitre	lejía	jabalina	trébol
aceitunas	resbalar	veneno	

**c)Corrixe os erros que atopas nestas frases.**

Ese ciruxano me dixo que a leite era boa para os riñóns

A pranta morreuse porque lle habías botado demasiado auga.

Como non aprendas a xogar millor á baraxa vas a perder todo o equipaxe que habías traído.

Me contou que si non tomas toda a mel non irás á boda de María nin comerás pasteles.

Mañá cásome pero non dígasllo a nadie porque é un secreto.

Adora os animais, lle encanta facer yogar, xogar á baraxa, e vivir en armonía co paisaxe.

**d).As seguintes palabras son incorrectas, escribe ao lado a forma correcta.**

soja	ventresca	guisante	rape
costilleta	lomo	zanahoria	tostadas
parrilla	bellota	lubina	bacalao

**TEMA 11, 12**

**1. Localiza as preposicións (P) , contraccións de Preposición+Artigo (CPA) e conxuncións(C) que hai neste texto.**

Pero, ademais de informar, o periódico opina e critica. As noticias analízanse e xúlganse aínda que se faga desde a perspectiva ideolóxica do xornal ou do autor. Aínda que se transmiten puntos de vista próximos a determinados grupos da sociedade ou da política, o xornal non debe influír no pensamento nin na conduta dos lectores agás en determinadas circunstancias. Se queremos ser obxectivos perante o público, debemos escribir conforme unhas pautas e non dar nada por suposto.

**2. Subliña e clasifica as seguintes conxuncións subordinantes segundo o seu significado.**

- Se ti non vas á excursión, eu tampouco vou.
- Preguntoume se tiña algún irmán.
- Non contabamos contigo, así que déchesnos unha boa sorpresa.
- Xa che dixen que non chegaría a tempo.
- No último festival de cine proxectáronse máis películas ca o ano pasado.
- Cando chegou viña pingando.
- Por moito que diga teu pai eu irei igual.
- Malia que estaba chovendo, o partido continuou.
- Ofreceulle cartos para que non dixese nada.
- Fixen o traballo segundo me explicou a profesora.

**3. Redacta unha noticia sobre un suceso que acontecera na túa vila (pode ser inventado). Lembra que ten que ter a estrutura propia deste xénero (consulta a unidade 11)**



## REPASO DE ORTOGRAFÍA

### 1. Completa as oracións cunha das palabras que se indican entre parénteses

- Pero, para un pouco, ... !(o, ó, oh, ho).
- ... , que boa está ... auga! (á, ah, ha, a).
- Non ... máis azucre. (aí, hai, aí).
- Chameite varias veces..... todo foi inútil( máis, e mais, mais)
- Pero, ... tan difícil de entender? (eh, é, e).
- ..... que me mancas! (aí, hai, aí)
- Vinte pola rúa a ti..... a túa irmá.....non me falaches.(mais, e mais, máis)
- ..... non está o que andas a buscar. Xa che dixen que non.... nada(hai, aí, aí)
- Este traballo fixémoslo eu.....Pedro (e, e mais, máis)

### 2. Coloca as palabras seguintes nos ocos das frases que correspondan.

vinte	absolver	covarde	vimbio	valado	vermello	avoá
voda	canaval	caveira	cavilacións	convoi	ouveaban	chuvasco
luvas	eivado	viúva	esvelto	noiva	avogado	garavanzos

1. O profesor ponnos moitos exercicios e cada día facemos máis de\_\_\_\_\_.
2. Aquela noite que pasamos nos Ancares escoitamos como\_\_\_\_\_os lobos.
3. Cando a miña\_\_\_\_\_fai caldo sempre lle bota fabas e\_\_\_\_\_.
4. O meu noivo é moi\_\_\_\_\_porque é alto e delgado.
5. O día de Pascua estreei un traxe branco que ten de complemento unhas\_\_\_\_\_con encaixe.
6. Nas escavacións que se fixeron naquel monte atoparon a\_\_\_\_\_dun home.
7. Déixate de dúbidas e\_\_\_\_\_: tes que decidirte xa!
8. Cando vou confesar co cura sempre me manda rezar unha Avemaría antes de me\_\_\_\_\_.
9. Tivemos que contratar un\_\_\_\_\_para que nos levase o preito co veciño.
10. Naquela película o ladrón era un\_\_\_\_\_e un traidor.
11. Aquela muller vai vestida de negro porque quedou\_\_\_\_\_hai pouco tempo.
12. Mandeí\_\_\_\_\_as miñas iniciais no anel que lle regalei á miña\_\_\_\_\_.
13. O\_\_\_\_\_estaba formado por varios camións e ían escoltados pola policía.
14. A miña nai xa me avisou, pero eu subín ao \_\_\_\_\_e ao final caín de alí abaixo, manqueime e deuma unhas xostradas cun\_\_\_\_\_.

15. Teño un xersei\_\_\_\_\_que me dura desde que estaba en 6º de Primaria.
16. Na\_\_\_\_\_da miña irmá houbo moitos invitados e viñeron moitos amigos meus.
17. No parte do tempo dixeron que esta semana habería moitos\_\_\_\_\_.
18. Ao lado da miña casa hai un\_\_\_\_\_enorme que é dun veciño moi simpático.

**3. Escribe unha oración con cada parella de palabras (teñen que aparecer as dúas na mesma oración).**

botar/votar:

baga/vaga:

ravo/rabo:

nabal/naval:

rebelar/revelar

**4. Coloca “n” ou “ñ” nos espazos baleiros.**

ca...ón	esca....o	adivi....a	setemesi....o	vaci....a
mari....o	cartoli....a	enga.....o	ca....o....azo	submari....o
da....i...o	pa....o	medici....a	menci.....a	ofici....a

**5. Completa con “c”, “cc”, “ct” ou “t”**

le....ión	deli....o	distri....o	estru....ura	di...ame
atra....ión	confli....o	adi....ión	veredi....o	ví...ima
dú....il	produ....o	redu....ión	obxe....o	adi....o

**6. coloca “l” ou “r” nos espazos baleiros.**

f...ota	b...usa	c...avar	b...anco	f...aco
p...azo	ap...azar	p...aga	temp...o	púb...ico
p...acer	esc...avo	p...eamar	g...oria	exp...icar

### 7. coloca “i”, “ie” ou “e”

amb...nte	rec...nte	sobresal...nte	corr...nte	pend...nte
sufic...nte	fals...dade	crec...nte	f...bre	primav...ra
nac...nte	nov...dade	apar...ncia	sab...doría	inconven...nte

### 8. completa con “ca”, “cua”, “co”

c...resma	c...rentena	c...drado	c...drícula
c...renta	c...dro	c...rtolina	c...lquera
c...rteto	c...lificar	c...lificación	c...ndo

### 9. Coloca “n” ou “ñ” nos espazos baleiros.

ca...ón	esca....o	adivi....a	setemesi....o	vaci....a
mari....o	cartoli....a	enga....o	ca....o....azo	submari....o
da....i....o	pa....o	medici....a	menci....a	ofici....a

### 10. Escribe h onde sexa necesario

- Mira, a....í tedes a ....elena, que acaba de chegar á ba....ía co seu ....irmán ....enrique.
- ....inchoulle o ....ombro a causa dunha extracción de sangue para facer unha análise de ....ematocritos.
- ....uso de ....endecasílabos e ....eptasílabos crea unha rara ....armonía.
- No ....oco da escaleira atoparon os ....ósos dun ....indú ....orfo que viñera cos seus antepasados.
- ....abitabamos unha casa .....erdada dos meus avós na que ....ospedabamos aos ....irmáns de ....elena.
- Bebe auga para que che pase o ....impo.

### 11. a) Escolle *porque* / *por que* / *porqué*

-me preguntas iso?

- Non entendo o.....do seu enfado.
- Deixei no.....non me sentaba ben.
- Pregúntome o.....da súa decisión.

### b) Escolle *senón* / *se non*

-vés non che falo máis.

- Non fai outra cous.....xogar á consola.
- Non o collas.....non o queres.
- Non é seu pai.....seu tío.

**c) Escolle aí / hai / ai**

- ..... non.....nada que ver.
- Xa vén.....o autobus.
- ....! Déixame tranquila que non.....máis.

**d) Escolle conque / con que**

.....recollas todo é suficiente.

Xa está ben feito,.....imos alá.

O home.....escapou era un delincuente.

..... compañeiro fixeches o traballo?

Aprobarás o exame.....estudes algo.

**e) Escolle haber / a ver**

Vai.....que dicirlle algo para que pare.

..... se me explico ben: non quero ir.

.....que é o que fas cando chegues alá.

Ten que.....outra maneira de facelo

**12. Coloca “h” naquelas palabras que deban levalo.**

...armonía	a...í	...edra	fil...armónica	...indú	...ermida
Ba...ía	...ucha	ex...umar	...inchar	...elena	...ola
...ombro	...orfo	...enrique	tru...án	...úmero	bo...emio
Ex...alar	in....umano	ex....ibir	ve....emente	fil....armonía	bo....emio
Ve...ículo	co....esión	des....inchar	ex....uberancia	ex....umar	in....usual
Des....abitar	ba....ía	vela....í	in....óspito	des....erdar	des....onra